



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Listas cobratorias de actividades culturais do mes de abril de 2024

Aprobación da lista cobratoria do prezo público por actividades culturais do mes de abril de 2024

Por Resolución da Alcaldía nº 518/2024 de data 19 de xullo de 2024 aprobouse a lista cobratoria dos obrigados ao pagamento do prezo público pola prestación das actividades culturais correspondente ao mes de **abril de 2024**, cun total de 69 recibos, por un importe total de 1.211,40 euros.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nos artigos 24 e seguintes do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, procédese á notificación colectiva e exposición ao público do citado padrón e á apertura dun prazo de 15 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións que estimen oportunas.

A cobranza dos prezos públicos aprobados verificarase na forma e prazos previstos no artigo 5.6 do acordo regulador do prezo público pola realización de actividades culturais.

Contra a presente notificación poderase interpoñer o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo dun mes desde a interposición do recurso sen que recaera unha resolución expresa, o recurso considerarse desestimado, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso – administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Arzúa, 19 de xullo de 2024

Asdo Xoán Xesús Carril Ramos

Alcalde – Presidente do Concello de Arzúa.